



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE DEFENSA E A XUNTA DE GALICIA PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA DURANTE A CAMPAÑA DE 2016.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Ordenación e Produción Forestal da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, **DECLARA:**

Que esta Consellería do Medio Rural formalizou coa entidade arriba sinalada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 15 de setembro de 2016 .

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Acordar, no marco da participación e colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, no desenvolvemento de accións de coordinación, prevención e loita contra os incendios forestais, integrar a acción das Forzas Armadas no dispositivo xeral de prevención e loita contra incendios forestais na Comunidade Autónoma durante a campaña de verán 2016, co fin de obter unha maior eficacia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Os incendios producidos en Galicia en sucesivos anos, que afectaron tanto ao medio natural coma ás vías de comunicación e a contorna urbana revelaron a necesidade de contar con medios adicionais para facer fronte a este tipo de situacións así como de incrementar a colaboración entre as Administracións Públicas.

O decreto 116/2015, do 4 de outubro, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e nela intégrase a Consellería do Medio Rural. O decreto 166/2015, do 13 de novembro establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural. Esta Consellería é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo coas competencias atribuídas á Comunidade Autónoma nos artigos 27.10 e 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación. Entre as funcións atribuídas encóntrase a coordinación dos medios necesarios para alcanzar o devandito obxectivo.

Para facer fronte a situación xerada como consecuencia dos incendios producidos en Galicia, e en base a colaboración entre Administracións e ante os bos resultados que se foron obtendo en campañas de verán anteriores, nas cales se subscribían convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Defensa para a prevención de incendios forestais, a Xunta





de Galicia e o Ministerio de Defensa decidiron reeditar o devandito Convenio de colaboración un ano mais.

Actuacións obxecto do presente convenio:

ZONAS DE VIGILANCIA

Patrullas terrestres.

PROVINCIA	DISTRITO	AYUNTAMIENTO	PATRULLAS
CORUÑA	IV Barbanza	Outes	5
		Noia	
		Porto do Son	
		Ribeira	
		A Pobra do Caramiñal	
		Boiro	
	V- Fisterra	Lousame	
		Carnota	
		Muros	
PONTEVEDRA	XVII O Condado- Paradanta	Mondariz	4-7
		Mondariz- Balneario	
		Pontearreas	
		Salvaterra do Miño	
		Covelo	
		As Neves	
		Arbo	
		A Cañiza	
		Crecente	
Melón (Ourense)			
OURENSE	XIII Valdeorras- Trives	Chandrea de Queixa	3-6
		Manzaneda	
		Pobra de Trives (Parroquias de: Cova, Encomenda, Pareisás, Sobrado, San Lourenzo de Trives, San Mamede de Trives e Vilanova)	
	XIV Verín- Viana	Vilariño de Conso	
		Laza (Parroquia de Camba)	
		Viana do Bolo (Parroquias de: Grixoa e de Vilarmeao)	
OURENSE	XIV Verín-Viana	Viana do Bolo (excepto as parroquias da zona anterior)	3-5
		A Gudiña	
		A Mezquita	
OURENSE	XV A Limia	Lobios	3-5
		Muíños	
		Calvos de Randín	
		Baltar	
		Cualedro	





O Ministerio de Defensa, durante a campaña contra incendios forestais en Galicia, levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres, con misión de vixilancia e disuasión, compostas por militares sobre vehículo e medios aéreos. Exercerá traballos de coordinación articulando os postos de mando necesarios para exercer o mando e control das patrullas terrestres e destacarán oficiais de ligazón aos distintos comités e centros de coordinación que constitúan, nos que sexa requirida a súa presenza

Segundo o disposto no artigo 11 apartado 2 da Lei 1/2006, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, deberáse motivar o emprego da figura do convenio de colaboración, así como as razóns que impidan a concorrencia da oferta e exclúan a celebración dun contrato administrativo.

A Consellería do Medio Rural está interesada en colaborar co Ministerio de Defensa para o emprego de recursos militares na prevención de incendios forestais. A grande capacidade de despregue de medios, tanto persoais como materiais, que posúen os corpos de seguridade do Estado, pertencentes ao Ministerio de Defensa, fan deste organismo o único competente con garantías para desenvolver as accións que constitúen o obxecto do convenio de colaboración a asinar.

Con este convenio preténdese vixiar e identificar aos potenciais axentes causantes de incendios forestais, ao mesmo tempo que a propia presenza dos medios militares no entorno forestal os disuada da provocación dos mesmos. Para isto é necesario acadar no noso entorno forestal unha alta concentración de persoal cualificado e equipado axeitadamente, que dispoña do coñecemento e das ferramentas necesarias para desenvolver tarefas de vixilancia. Ademais, este convenio tamén recolle o aumento da dotación de recursos en caso de situacións de emerxencia nas que sexa necesario incrementar a intensidade da vixilancia sobre o terreo. É fundamental, polo tanto, dispor de dotacións de medios persoais e materiais en cantidades elevadas para poder actuar con con gran rapidez e efectividade.

Estas circunstancias fan que o convenio de colaboración sexa a figura máis axeitada para a realización desta actividade, e que o Ministerio de Defensa sexa a única entidade adecuada para o desenvolvemento das accións obxecto do mesmo.

A Xunta de Galicia comprométese a satisfacer o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración das Forzas Armadas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

